

4º ESPA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquías causal nas explicacións históricas sobre esta época.	Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso noicións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.	Explica as principais reformas durante a II República española, e a reacción a elas.
Coñecer as tensións que levaron en España ao estoupido da Guerra Civil.	Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.	Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco.
Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.
Identifica e describe os feitos que conduciron á II Guerra Mundial.	Identifica e explica as causas desencadeantes da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.
Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	Describe os feitos relevantes do proceso de descolonización.
Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións ente os dous bloques, os EEUU e a URSS.	Utilizando fontes históricas, explica algún dos conflitos enmarcados no contexto da Guerra Fría
Explicar os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	Recoñecer os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.
Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.	Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008
Explicar a construción da Unión Europea e do seu futuro. Sopesar como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.	Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.
Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros rexímenes socialistas.	Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos talo colapso da UR.SS.
Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos	Procura prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor

cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.	e en contra.
Coñecer e organizar os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	Enumera e describe algúns trazos dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoan Carlos I, lei para a reforma política de 1976, Lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das Autonomías, etc.
Analizar o problema do terrorismo en España durante esta etapa e valorar a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas.	Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Llure, etc): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.
Utilizar con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Será o resultado de empregar a avaliación inicial; a formativa e a sumativa. Para a primeira e segunda avaliacións valerémonos dos criterios de cualificación que establece a programación.</p> <p>Na terceira avaliación, o profesorado determinará o tipo de traballo telemático que vai empregar. Este, estará orientado a que o alumnado desenrole actividades e tarefas destinadas ao repaso, o reforzo e ao avance de nova materia. Tamén, para o alumnado coa segunda avaliación suspensa, o profesorado, plantexará tarefas e actividades telemáticas co galo de que a poidan recuperar.</p> <p>Instrumentos: Como establece a programación do Departamento, na primeira e na segunda avaliación os instrumentos empregados serán:</p> <ul style="list-style-type: none">-Probas escritas de características diversas e adaptadas ao nivel do alumnado.-A valoración do traballo diario medido mediante os instrumentos que se detallan na programación. <p>Na terceira avaliación empregarase como instrumento o traballo telemático.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A avaliación final tomará en conxunto as avaliación de todo o curso, mais de forma ponderada e específica: os dous primeiros trimestres representan o mesmo valor na nota final, que terá unha cualificación entre 1 e 10, mentres que todas as actividades desenvolvidas no terceiro só poderán ser avaliadas se beneficien ao alumnado. Conforme á coordinación e acordos establecidos entre o profesorado, as actividades do terceiro trimestre poderán aumentar a nota final nun intervalo que chegue ata os 2 puntos.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>O alumnado que fose avaliado negativamente e que non promocióne, será examinado na avaliación extraordinaria de setembro, unicamente da materia traballada de xeito presencial nas dúas primeiras avaliacións.</p>

Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: O ALUMNADO DE 4º NON TEN MATERIAS PENDENTES
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	O terceiro trimestre centrarase nas aprendizaxes e competencias imprescindibles para o alumnado. Combínanse as actividades de recuperación e de repaso e reforzo coas actividades de ampliación de aprendizaxes.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía adáptase ás características da educación a distancia, desde unha concepción flexíbel e aberta da didáctica, que comprende as posíbeis dificultades de acceso ás novas tecnoloxías, ao tempo ou ao espazo necesario para desenvolver o traballo demandado. No caso de que se detectase alumnado sen conectividade, organizarase un procedemento de impresión e envío de materiais a través do centro, na liña do traballo que se está a desenvolver coa entrega de libros e outros materiais, e sempre co cumprimento das medidas de seguridade sanitaria.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">-Recomendacións de lecturas, visionado de documentais e acceso a fontes de Internet, desde a Aula Virtual e por correo electrónico.-Participación e diálogo co alumnado a través de correo electrónico e dos foros abertos na Aula Virtual.-Realización de actividades de resposta múltiple na Aula Virtual.-Realización de actividades con preguntas diversas en tipoloxía e dificultade (resposta aberta, pregunta breve, comentario de imaxe, comentario de texto), enviadas por correo electrónico.-Publicacións de modelos de solucións ás actividades anteriores.-Realización de traballos abertos sobre aspectos históricos de interese

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. A adaptación desta programación será publicada na páxina web do departamento. Ademais, enviarase o documento anexo ao alumnado e ás súas familias por medio da mensaxería Abalar e por correo electrónico. O alumnado estará matriculado na aula virtual do nivel (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesisidropargapondal/aulavirtual2/) e poderá tamén acceder ao documento neste espazo dixital.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>